

SALIDA

MANCOMUNIDAD MUNICIPIOS RIA FERROL

Registro núm 76

Ferrol, 27 de 03 de 2007



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol

Con data de 24 de marzo de 2017 o Presidente da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol dictou a seguinte resolución, que literalmente transcrita di:

1. "Xustificación e financiamento do gasto.

Ante a demanda rexistrada polo servizo mancomunado dende a súa creación, e tendo en conta non soamente os principios éticos deste servizo senón tamén a normativa vixente e as esixencias engadidas co *Anteproxecto de lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia*, resulta necesario ampliar a capacidade do centro de recollida de animais situado en Mougá (Ferrol) e xestionado pola Mancomunidade.

Con este obxecto solicitouse á empresa pública TRAGSATEC, S.A., que presta o servizo de xestión do centro en virtude dun convenio entre a Mancomunidade e o Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medioambiente. unha memoria valorada para determinar as características e orzamento desta ampliación.

De acordo coa memoria valorada elaborada pola arquitecta desta empresa María Mónica Sanz Guerra e presentada ao pleno da mancomunidade na sesión de 13 de xuño de 2016, o orzamento da obra a realizar ascende a 119.604,36 €. Os honorarios de redacción de proxecto e dirección de obra estímense en 14.000,00 €. Ambos conceptos suman 133.604,36 €

No Orzamento Xeral da Mancomunidade do ano 2017 inclúese unha partida orzamentaria por este importe e con esta finalidade co código 00.170.62200.

Así mesmo, no informe económico-financieiro que integra o Orzamento Xeral establécense as achegas a realizar polos concellos para financiar dito gasto de forma proporcional á poboación tomando como referencia o padrón municipal do ano 2015.

2. Procedemento de contratación.

2.1. Solicitud e recepción de ofertas.

O 2 de febreiro de 2017 solicitaronse ofertas ás empresas que a continuación se indican para o servizo de redacción de proxecto e dirección de obra de ampliación do refuxio de animais de Mougá:

- ENTYL INGENIEROS S.L., C.I.F. B15711344
- INYCIA INGENIEROS,S.L., C.I.F. B70132543
- PROYFE, S.L., C.I.F. B15077233

OFICINA REXISTRO XERAL-CONCELLO DE
CABANAS

Entrada

Nº. 201700000000706 30/03/2017 11:50:42

As empresas responderon en prazo e forma segundo resume o seguinte cadro:

Empresa	Recepción de oferta		Documentación administrativa	Prezos sen IVE		
	Data	Hora		Redacción de proxecto	Dirección de obra	Total
ENTYL	08/02/17	10:46:00	Completa	5.000,00€	3.677,69 €	8.677,69 €



INICYA	08/02/17	11:51:00	Completa	5.650,00 €	2.400,00 €	8.050,00 €
PROYFE	08/02/17	10:36:00	Completa	3.615,70 €	3.615,70 €	7.231,40 €

2.2. Valoración de ofertas.

Na solicitude de ofertas fíxase un orzamento máximo de 14.000,00 € IVE incluído (11.570,25 € sen IVE), que inclúe o servizo de redacción de proxecto e o de dirección de obra, e establécese como criterio único de valoración o prezo total por ambos servizos, sen prexuízo da desagregación por conceptos da oferta e do condicionamento da adxudicación do servizo de dirección á obtención de autorizacións.

Así mesmo, indícase que se entenderá como *Límite da baixa* o importe da oferta co prezo máis baixo de entre as non excluídas como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, de conformidade co previsto no artigo 152 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e cos criterios establecidos no artigo 85 do *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, por el que se aprueba el Reglamento general de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas*.

De acordo co artigo 85 do RD 1098/2001, cando concorren tres licitadores condideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo de dita media a oferta de cuantía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerárase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.

Da aplicación deste criterio resulta que as ofertas INYCIA e PROYFE deben considerarse desproporcionadas ou anormais por ser inferiores en máis de 25 unidades porcentuais ao tipo de licitación.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 152 do TRLCSP solicitouse a INYCIA e PROYFE que xustificasen a valoración da oferta e precisasen as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Segundo se establece no punto terceiro do citado artigo 152 do TRLCSP, no procedemento deberá solicitarse o asesoramento técnico do servizo correspondiente. A Mancomunidade carece de persoal técnico propio para realizar dito asesoramento, polo cal, previa solicitude da xerencia da Mancomunidade, o Alcalde de Ferrol resolveu con data 15 de marzo de 2017 encomendar á arquitecta técnica municipal María Jesús Rodríguez Casanova dito asesoramento.

A arquitecta técnica María Jesús Rodríguez Casanova emite informe con data 20 de marzo de 2017 no que se indica que os motivos que expresa PROYFE S.L. na xustificación da súa oferta resultan axeitados e fan prever que co importe ofertado a empresa pode realizar os traballos de xeito satisfactorio sen que se produza un enriquecemento ilícito desta Administración. A Arquitecta Técnica inclúe no seu informe un anexo no que se especifican as condicións que debe cumprir a empresa.



3. Proposta de adxudicación

De acordo con todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

1. Adxudicar á empresa PROYFE S.L., con C.I.F. B15077233, o servizo de redacción de proxecto de obra de ampliación do Refuxio de Animais de Mougá, polo importe de 4.375,00 € (3.615,70 € + IVE), nós termos do informe da Arquitecta Técnica municipal María Jesús Rodríguez Casanova de 20 de marzo de 2017.
2. A adxudicación á empresa PROYFE S.L. do servizo de dirección de obra, polo importe de 4.375,00 € (3.615,70 € + IVE), incluído na oferta, queda condicionada á obtención de autorizacións e cumprimento de requisitos para levar a cabo a obra.
3. Notifícaranse aos concellos da Mancomunidade os presentes acordos, co obxecto de que se realicen as previsións orzamentarias correspondentes en cada un deles, de acordo co seguinte cadro:

Concello	Poboación (Padrón 2015)	Achega (redacción de proxecto + dirección)
Ares	5743	322,37 €
Cabanas	3299	185,18 €
Cedeira	7062	396,41 €
Fene	13385	751,33 €
Ferrol	69452	3.898,49 €
Mugardos	5362	300,98 €
Narón	39565	2.220,87 €
Neda	5261	295,31 €
Valdoviño	6753	379,06 €
Total	155882	8.750,00 €

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa (BOE 14.07.1998).

Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

En Ferrol, 27 de marzo de 2017

A Secretaria Xeral Accidental



Concello de Cabanas

POLÍGONO DEL TAMBRE
 VÍA PASTEUR 29-31
 15890 – SANTIAGO DE COMPOSTELA
 A CORUÑA

DESTINATARIO

F
**MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA
 DE CONCELLOS DE FERROL
 PAZO MUNICIPAL DE FERROL
 PRAZA DE ARMAS S/N
 15402 FERROL
 A CORUÑA
 C.I.F.: P15000021**
L

FACTURA N.º

510016285

FECHA

04/11/2016

ACTUACIÓN	PERÍODO DE FACTURACIÓN	FORMA DE PAGO
0173157	01/04/2016 a 30/09/2016	ES42 0182 5673 4702 0150 7424

CONCEPTO	CANTIDAD	PRECIO	DEBE: IMPORTE
ENCOMENDA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL E A XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS DE FERROL (REFUXIO DE MOUGÁ) OCTAVA FACTURA PARCIAL 2016 <u>Capítulo 1. Servizo de recollida de animais</u> Total 011 - Servizo de atención en horario laboral 6 mes 941,16 5.646,96 Total 012 - Servizo de atención nocturno e festivos 6 mes 494,74 2.968,44 Total Capítulo 1-Servizo de recollida de animais 8.615,40 <u>Capítulo 2. Servizo de atención veterinaria no centro</u> Total 021 - Atención clínica veterinaria ordinaria 6 mes 3.442,06 20.652,36 Total 022 - Atención clínica veterinaria continuada (urxencias) 6 mes 490,08 2.940,48 Total 023 - Xestións administrativas 6 mes 462,85 2.777,10 Total Capítulo 2-Servizo de atención veterinaria no centro 26.369,94 <u>Capítulo 3. Servizo de mantemento do centro</u> Outros 6 mes 143,87 863,22			


 Código Seguro de Verificación (CSV): 4054-1FCE-SICO-FA03-4940
 Este documento confiere 2 páxinas(s)
 Firmado digitalmente por FERNANDO RON CURRAS

Otros

6 mes

143,87

863,22



E4 01211592 G6 20040131



INFORME-PROPOSTA

Mediante acordo plenario de 9 de abril de 2013 a Mancomunidade aprobou o convenio de colaboración entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente e a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para a prestación do servizo de recollida de animais domésticos abandonados nos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño e a xestión do centro de recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol (refuxio de Mougá), e acordou repartir o custo do servizo entre os concellos con criterio poboacional.

En virtude deste convenio, suscrito o 5 de xuño de 2013, o Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente comprométese a executar, a través do seu propio Empresa de Transformación Agraria, S.A. (TRAGSA), e en concreto da súa filial, Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (TRAGSATEC), as actuacións comprendidas polo servizo.

O convenio establece para o servizo un orzamento de 183.000,00 € anuais, e prevé que a repercusión de dito importe sobre a Mancomunidade sexa reducida pola recadación de taxas aboadas polos usuarios do servizo, a través de TRAGSATEC, de conformidade coa *Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos* (B.O.P. Nº 24 de 2 de xullo de 2013).

A empresa pública transferiu á Mancomunidade os **ingresos obtidos polo cobramento de taxas no período de 1 de abril a 30 de setembro de 2016**, que suman un total de **9.974,00 €**, de conformidade coas rendicións de contas presentadas por TRAGSATEC.

A empresa Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (TRAGSATEC), con C.I.F. nº A-79365821, presenta **factura nº 510016285 de data 04/11/2016**, por importe de **91.499,74 €** correspondente á prestación do servizo de recollida de animais domésticos abandonados nos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño e a xestión do centro de recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol (refuxio de Mougá), no **período de 1 de abril a 30 de setembro de 2016**.

En consecuencia, o **custo do servizo non cuberto polas taxas** no período indicado ascende a **81.705,74 €**, importe que procede liquidar aos concellos integrantes da Mancomunidade.

A empresa pública prestou o servizo de conformidade co establecido no convenio e cos pregos de condicións técnicas anexos ao mesmo.

Por todo o anterior, infórmase favorablemente a factura e PROPONSE:

1. **Aboar a factura** que presenta a empresa **Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (TRAGSATEC)**, con C.I.F. nº **A-79365821**, factura nº **510016285** de data **04/11/2016**, por importe de **91.499,74 €** correspondente á prestación do servizo de recollida de animais domésticos abandonados nos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño e a xestión do centro de recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol (refuxio de Mougá), no **período de 1 de abril a 30 de setembro de 2016**.
2. **Aprobar a liquidación das achegas** ao mantemento do servizo de recollida de animais domésticos abandonados nos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño e a xestión do centro de



recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol (Refuxio de Mougá) correspondentes ao período de 1 de abril a 30 de setembro de 2016, polas seguintes cantidades:

Concello	Poboación (Padrón 2015)	Achega
Ares	5743	3.010,20 €
Cabanas	3299	1.729,18 €
Cedeira	7062	3.701,56 €
Fene	13385	7.015,76 €
Ferrol	69452	36.403,35 €
Mugardos	5362	2.810,50 €
Narón	39565	20.738,04 €
Neda	5261	2.757,56 €
Valdoviño	6753	3.539,59 €
Total	155882	81.705,74 €

Ferrol, 29 de novembro de 2016,

O Xerente

Asdo.: Luis Alcalá Baillie

Fiscalizado e Conforme, con salvedad(*)

O Interventor

(*) Con independencia da correspondente fiscalización previa do convenio, debo poñer de manifesto o seguinte:

- 1.- As prestacións obxecto de facturación por TRAGSATEC son propias dos contratos suxeitos a normativa de contratación pública e, polo tanto, excluídas da execución via convenio.
- 2.- TRAGSA, de acordo ca disposición adicional 25ª do RDL 3/2011 e o art.2 do RD 1072/2010, e as súas filiais teñen a consideración de medios propios da administración Xeral do Estado, das CC.AA. e dos poderes adjudicadores dependentes delas, pero non das EE.LL.

DECRETO

Logo de ver a anterior proposta, apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina o Sr. Presidente, en Ferrol, a
O Presidente da Mancomunidade

16 DEC 2016
Perante miña, o Secretario da
Mancomunidade



INFORME-PROPOSTA

Mediante decreto do Presidente da Mancomunidade de 16 de decembro de 2016 acordouse aboar a factura presentada por Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A. (TRAGSATEC) correspondente ao servizo de recollida de animais domésticos abandonados e xestión do Refuxio de Mougá durante o período de 1 de abril a 30 de setembro de 2016, e aprobar a liquidación das achegas municipais a estes servizo polo mesmo período.

Para calcular a liquidación de achegas réstanse do importe da factura os ingresos obtidos mediante taxas polo Refuxio de Mougá no mesmo período, e a continuación realízase unha distribución entre concellos proporcional á poboación.

No citado decreto produciuse un erro en dito cálculo, xa que a cifra de ingresos utilizada (9.974,00 €) non é correcta, posto que non corresponde en realidade ao período de 1 de abril a 30 de setembro senón ao período de de 1 de abril a 31 de agosto. A cifra de ingresos correcta correspondente ao período de 1 de abril a 30 de setembro de 2016 é 12.063,00 €.

Desta maneira, se restamos do importe da factura (91.499,74 €) a cifra de ingresos correcta (12.063,00 €), obtemos a cantidade de 79.436,74 €, que é o custo do servizo para Administración que debe ser distribuído entre os nove concellos en proporción á súa poboación.



En consecuencia, PROPONSE:

1. Anular a liquidación de achegas contida no decreto de 16 de decembro de 2016, toda vez que non chegou a ser notificada aos concellos.
2. Aprobar a **liquidación das achegas** ao mantemento do servizo de recollida de animais domésticos abandonados nos concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño e a xestión do centro de recollida de animais domésticos abandonados de Ferrol (Refuxio de Mougá) correspondentes ao **período de 1 de abril a 30 de setembro de 2016**, polas seguintes cantidades:

Concello	Poboación (Padrón 2015)	Achega
Ares	5743	2.926,61 €
Cabanas	3299	1.681,16 €
Cedeira	7062	3.598,76 €
Fene	13385	6.820,93 €
Ferrol	69452	35.392,41 €
Mugardos	5362	2.732,45 €
Narón	39565	20.162,14 €
Neda	5261	2.680,98 €
Valdoviño	6753	3.441,30 €
Total	155882	79.436,74 €

Ferrol, 30 de decembro de 2016,

O Xerente

Asdo.: Luis Alcalá Baillie

Fiscalizado e Conforme
O Interventor

Asdo.: Manuel Roel Hernández-Serrano

DECRETO

Logo de ver a anterior proposta, apróboas nos seus propios termos.

Así o manda e asina o Sr. Presidente, en Ferrol, a 30 de decembro de 2016

O Presidente da Mancomunidade

Perante min, o Secretario da
Mancomunidade

Asdo.: Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo.: Leopoldo Moure García